

Anteproxecto de Decreto XX/2025, do ...de de 2025, polo que se crea a categoría estatutaria de persoal investigador do Servizo Galego de Saúde.

As sociedades avanzadas actuais recoñecen como un punto estratéxico para o desenvolvemento económico a inversión en Investigación, Desenvolvemento Tecnolóxico e Innovación (en adiante, I+D+i) así coma en Transferencia de Tecnoloxía cara o sector produtivo (en adiante, TT). Dentro destas actividades, o factor humano é o seu punto crítico, xa que o seu proceso formativo e, pola súa propia idiosincrasia, moi custoso e dilatado no tempo. De xeito xeral recoñécese a inversión en formar persoal especializado nestas tarefas e a súa integración no sector produtivo, como a mellor inversión que poden facer as administracións públicas de cara a mellorar as súas economías, xa que incrementan a competitividade, a produtividade e melloran os servizos prestados dende as mesmas. Deste xeito, as devanditas actividades de I+D+i e TT resultan básicas para a converxencia co resto dos países máis desenvolvidos en canto á economía, o progreso social e a calidade de vida das persoas. A xeración de coñecemento, coa conseguinte transferencia cara o sector produtivo, son actividades esenciais polo que as administracións públicas deben ter unha especial atención na súa promoción e desenvolvemento.

No ámbito estatal, a Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, establece no seu artigo 15.1 que no ámbito de cada servizo de saúde se establecerán, modificarán ou suprimirán as categorías de persoal estatutario de acordo coas previsións do capítulo XIV e, no seu caso, do artigo 13 da dita lei. E, conforme ao seu artigo 14.1, os servizos de saúde establecerán as diferentes categorías ou grupos profesionais existentes no seu ámbito de acordo co criterio de agrupación unitaria das funcións, competencias e aptitudes profesionais, das titulacións e dos contidos específicos da función a desenvolver.

A Lei 14/2011, do 1 de xuño, da Ciencia, da Tecnoloxía e a Innovación establece un marco de coordinación xeral da investigación científica e técnica. Esta norma regula o persoal investigador ao servizo das universidades públicas, dos organismos públicos de investigación da Administración Xeral do Estado e dos organismos de investigación doutras administracións públicas, e outorga aos organismos públicos de investigación a capacidade

de contratación de persoal investigador e establece as distintas modalidades de contrato de traballo específicas a aplicar polos mesmos.

Por outra banda, a Lei 14/2007, do 3 de xullo, de investigación biomédica, promove o fomento das actividades de investigación en todo o sistema sanitario como elemento fundamental para o progreso do mesmo. No seu artigo 85, modificado pola Lei 17/2022, do 5 de setembro, refírese ás actividades investigadoras nos centros do Sistema Nacional de Saúde, dispoñendo que as Administracións Públicas, no marco da planificación dos seus recursos humanos, incorporarán aos servizos de saúde persoal investigador en réxime estatutario a través de categorías profesionais específicas que permitan de forma estable e estrutural a dedicación a funcións de investigación de entre o cincuenta e o cento por cento da xornada laboral ordinaria. Engade que o persoal sanitario que acceda a estas categorías profesionais específicas poderá dedicar o resto da xornada a funcións nos ámbitos asistencial, docente, de xestión clínica, de prevención e de información e educación sanitarias segundo se determine no ámbito competencial correspondente.

Neste mesmo sentido tamén é conveniente sinalar que o Ditame da Comisión para a reconstrución social e económica, aprobado polo Congreso dos Deputados en xullo de 2020, xa propuxo reforzar as capacidades científicas e de investigación dos centros do Sistema Nacional de Saúde mediante a integración de persoal científico nos seus cadros de persoal; e máis concretamente, mediante o impulso da figura do persoal facultativo especialista investigador.

No ámbito autonómico, o artigo 113.4 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, dispón que a creación, modificación e supresión de categorías estatutarias realizárase por decreto do Consello da Xunta.

A Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da Investigación e da Innovación de Galicia, regula o marco para o fomento da investigación e do desenvolvemento tecnolóxico, da transferencia e valorización de resultados e de innovación en Galicia en todas as súas vertentes, así coma da súa xestión eficiente.

O marco legal complementouse a nivel regulamentario co Decreto 12/2024, do 11 de xaneiro, polo que se regula a organización, a promoción e a carreira profesional do persoal de investigación de carácter laboral nos organismos de investigación da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. Na súa disposición adicional décimo terceira recolle que, de conformidade co disposto no artigo 85 da Lei 14/2007, do 3 de xullo, de investigación biomédica, a Xunta de Galicia deberá definir unha categoría profesional específica que permita ao persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde a dedicación de forma estable e estrutural a tarefas de investigación.

A evolución producida nos últimos anos no marco da investigación e a innovación en saúde fai necesario un cambio normativo en aras de acadar un maior impulso neste ámbito, para contribuír á eficiencia das nosas estruturas xeradoras de coñecemento, potenciar o crecemento e a consolidación profesional do persoal investigador no ámbito sanitario e favorecer a transferencia e posta en valor dos resultados da actividade investigadora.

Considerando a importancia que ten o capital humano con maior formación de cara ao progreso e a mellora da calidade de vida da cidadanía, polos motivos citados previamente, a Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia pretende facilitar a incorporación de capital humano que poida responder á necesidade de xerar novo coñecemento e facer un uso eficiente dos recursos, máxime no contexto económico actual. Todo en aras a acadar un crecemento intelixente, sostible e integrador, convertendo a I+D+i nunha prioridade para a nosa Comunidade Autónoma.

De modo específico no ámbito sanitario, resulta imprescindible non só a incorporación de talento, senón a retención do mesmo mediante a estabilización do persoal investigador que xa está na actualidade levando a cabo o seu traballo no entorno do Sistema Público de Saúde de Galicia, o que redundará en mellorar a calidade da investigación biomédica na nosa comunidade e en beneficio da cidadanía.

Por outra banda, ponse de manifesto a necesidade de adaptar a carreira investigadora ao Marco europeo deseñado pola Comisión Europea, coa fin de eliminar os obstáculos á mobilidade profesional e á cooperación internacional no eido da investigación.

A creación dunha categoría estatutaria de persoal investigador do Servizo Galego de Saúde cunha estrutura unificada e uns requisitos comúns de acceso posibilitará a articulación dun marco estable para as persoas investigadoras, o que contribúe a mellorar as súas expectativas laborais á hora de apostar por desenvolver unha carreira investigadora no ámbito da saúde en Galicia.

Nese sentido, tendo en conta as especiais características profesionais deste colectivo e os esixentes requisitos de acceso que se recollen neste Decreto, as funcións a desenvolver polos mesmos, así como o previsto na normativa sectorial, considerase axeitado que o sistema selectivo para acceder á condición de persoal estatutario fixo desta categoría sexa o de concurso público.

O decreto consta de 14 artigos, nos cales se regulan o seu obxecto, o réxime xurídico, a forma de acceso, a valoración da experiencia profesional, a planificación dos recursos humanos, a selección do persoal temporal, as funcións do persoal, as especificacións relativas ao cadro de persoal e ordenación de postos, as retribucións e a xornada. Tamén se regulan as estancias en centros de recoñecido prestixio, as particularidades do réxime de incompatibilidades deste persoal e da súa incorporación a empresas de base tecnolóxica.

Pola súa parte, incorpóranse catro disposicións adicionais. Na primeira fíxase o nivel dos postos de traballo da nova categoría e as súas retribucións complementarias iniciais. A segunda alude á avaliación da actividade investigadora, a súa repercusión na carreira profesional e as peculiaridades desta. Na terceira prevese a posibilidade de que o persoal investigador, tras unha relevante traxectoria profesional, asuma funcións de liderado, dirección ou coordinación que sexan debidamente recoñecidas. E a disposición adicional cuarta posibilita que nos procesos selectivos de persoal investigador non se aplique a reserva de prazas para a promoción interna do persoal fixo doutras categorías.

Engádense tamén tres disposicións transitorias. As dúas primeiras regulan a ordenación do actual persoal estatutario investigador, fixo e temporal. Con elas preténdese garantir a necesaria continuidade dos proxectos de investigación e impulsar ao mesmo tempo a implantación da nova categoría. A disposición transitoria terceira regula o réxime aplicable aos servizos prestados antes da entrada en vigor deste decreto. Pechan o texto unha

disposición derogatoria e dúas derradeiras, relativas á habilitación normativa e á súa entrada en vigor.

A tramitación desta norma adecuouse ao disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, sendo obxecto de publicación no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia a efectos do previsto no artigo 9.c) da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Asemade, o proxecto foi sometido ao informe económico-financeiro da consellería competente en materia de facenda, informe sobre impacto de xénero e de impacto demográfico, informe da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio, informe da dirección xeral competente en materia de emprego público e da Asesoría Xurídica da Consellería de Sanidade. Este decreto dítase tras a preceptiva negociación na mesa sectorial de negociación do persoal das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde.

Por último, o texto do decreto adecúase aos principios de boa regulación descritos no artigo 129.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e no artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico. Así, en aplicación dos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade e eficiencia, a norma persegue un interese xeral, que é a creación dunha nova categoría estatutaria, e recolle as normas precisas para tal fin e sen impoñer maiores obrigas e cargas das necesarias. En virtude dos principios de seguridade xurídica e simplicidade, a norma garda coherencia co resto do ordenamento xurídico. En cumprimento dos principios de transparencia e accesibilidade, identifícanse con claridade nela os obxectivos perseguidos e, ademais, durante a súa tramitación garantiuse a transparencia, singularmente mediante a publicación no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Sanidade, **de acordo co/oído o** Consello Consultivo e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día xx de xxxxxxx de dous mil vinte e cinco,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto*

Este decreto ten por obxecto a creación, dentro do colectivo de persoal estatutario de nivel licenciado ou graduado (subgrupo A1), da categoría estatutaria de persoal investigador do Servizo Galego de Saúde. Regúlanse tamén o acceso á citada categoría e as súas funcións, ao tempo que se conteñen previsións en materia de cadro de persoal e ordenación de postos de traballo, xornada e retribucións, estancias formativas, incompatibilidades, situacións de excedencia e incorporación a empresas de base tecnolóxica.

Considérase persoal investigador, tal e como o define a Lei 14/2011, do 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, o que, estando en posesión da titulación esixida en cada caso, leva a cabo unha actividade investigadora, entendida como o traballo creativo realizado de forma sistemática para incrementar o volume de coñecementos, incluídos os relativos ao ser humano, a cultura e a sociedade, o uso deses coñecementos para crear novas aplicacións, a súa transferencia e a súa divulgación.

Artigo 2. *Réxime xurídico*

A relación de servizo do persoal da categoría creada neste decreto co Servizo Galego de Saúde rexerase pola Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde; pola Lei 14/2007, do 3 de xullo, de investigación biomédica; pola Lei 14/2011, do 1 de xuño; pola Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia; pola Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, pola normativa en materia de emprego público, nos termos previstos nela, polo presente decreto e pola restante normativa aplicable ao persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.

Artigo 3. *Requisitos de acceso*

1. Para acceder á categoría de persoal investigador do Servizo Galego de Saúde, como persoal estatutario fixo ou temporal, será indispensable estar en posesión da titulación que, entre as seguintes, estableza a convocatoria do proceso de selección: título universitario

oficial de grado ou licenciatura en Medicina e Cirurxía, Farmacia, Bioloxía, Química ou Bioquímica, Física, Psicoloxía, Odontoloxía, Ciencia e Tecnoloxía dos alimentos ou outras titulacións universitarias superiores en disciplinas científicas e tecnolóxicas. En todo caso requirirase estar en posesión do título de doutor ou doutora ou, en función do posto de traballo, dun título oficial de especialista en ciencias da saúde.

Cando se trate de titulacións extracomunitarias ou obtidas noutro Estado membro da Unión Europea, deberá achegarse, ademais, a documentación que acredite de xeito fidedigno a súa homologación ou recoñecemento.

2. Ademais do anterior, será requisito para acceder á condición de persoal estatutario fixo desta categoría a superación dos correspondentes procesos de selectivos, convocados en execución dunha oferta pública de emprego e consonte o establecido na Lei 55/2003, do 16 de decembro, e na restante normativa aplicable, ademais de cumprir os seguintes requisitos:

a) Dispoñer da certificación como persoa investigadora establecida (certificado R3) ou da certificación I3 para persoas investigadoras de programas de excelencia, internacionais, nacionais ou autonómicos ou superar unha avaliación científica equivalente ou ter sido persoa beneficiaria dunha axuda de estabilización, e finalizada con avaliación positiva da súa actividade científico-técnica, dos programas Ramón e Cajal, Miguel Servet, Joan Rodés, ERC-Consolidator (EC), ou axuda equivalente.

b) Cumprir polo menos tres dos seguintes méritos en materia de investigación sanitaria:

1º Obter unha puntuación das publicacións realizadas nos últimos 5 anos igual ou superior a 30 puntos, de acordo coa seguinte puntuación: AP/1º decil: 8 puntos; AP/1º cuartil: 4 puntos; AP/2º cuartil: 2 puntos; AP/Resto cuartiles: 1 punto; Non AP/1º decil: 2 puntos; Non AP/1º cuartil: 0,8 puntos; Non AP/2º cuartil: 0,3 puntos.

2º Ter realizadas estancias postdoutorais en entidades de investigación de recoñecido prestixio de polo menos 12 meses.

3º Liderar proxectos competitivos autonómicos ou nacionais (cando menos un proxecto nos

últimos 5 anos).

4º Participar en proxectos en redes de colaboración do Centro de Investigación Biomédica en Red (CIBER), das Redes Temáticas de Investigación Cooperativa (RETIC), do Fondo de Investigación en Salud (FIS), e outras similares (polo menos un proxecto nos últimos 5 anos).

5º Participar en proxectos competitivos internacionais (polo menos un proxecto nos últimos 5 anos).

6º Coordinar proxectos competitivos internacionais (polo menos un proxecto nos últimos 5 anos).

7º Dispoñer dalgún título de propiedade industrial (patentes e/ou modelos de utilidade), programas informáticos solicitados ou concedidos, licenzas ou rexistros de explotación (vixentes nos últimos 5 anos).

8º Formar parte do grupo promotor dunha empresa de base tecnolóxica.

9º Ter dirixidas ou estar dirixindo, polo menos, tres teses doutorais.

10º Realizar servizos avanzados á comunidade científica (persoa integrante de comités asesores editoriais, de comités científicos internos ou externos ou académicos ou de formación de institutos de investigación sanitaria, persoa avaliadora en convocatorias nacionais e internacionais de concorrencia competitiva, persoa integrante dun comité ético de investigación, participante na elaboración de protocolos ou guías de práctica clínica, e outros similares).

11º Ter recibido un premio de recoñecido prestixio outorgado a traxectorias científicas ou a traballos de investigación orixinais publicados, concedido por organismos oficiais, sociedades científicas, ou entidades sen ánimo de lucro debidamente inscritas, nos últimos cinco anos.

12º Ter participado en ensaios clínicos ou estudos observacionais (polo menos un proxecto como investigador principal ou dous como investigador colaborador nos últimos 5 anos)

3. Naqueles casos nos que, para a valoración dos méritos recollidos no apartado anterior, se estableza un período de avaliación definido no tempo, na contabilización do prazo correspondente ampliarase o período proporcional ás interrupcións debidas aos seguintes motivos:

a) Permisos derivados de maternidade ou paternidade, adopción, ou garda con fins de adopción ou acollemento gozados conforme as situacións protexidas que se recollen no Réxime Xeral da Seguridade Social. Aplicarase unha ampliación en semanas resultante do produto de 4 polo número de semanas de baixa/permiso gozadas por cada fillo/a.

b) Incapacidade temporal por enfermidade ou accidente graves da persoa solicitante, con baixa médica igual ou superior a tres meses. Aplicarase unha ampliación dun ano.

c) Incapacidade temporal durante o embarazo por causas vinculadas co mesmo. Aplicarase unha ampliación en semanas resultante do produto de 4 polo número de semanas de baixa que se acumulará, no seu caso, á ampliación recollida por permisos derivados de maternidade ou paternidade.

d) Atención a persoas en situación de dependencia, conforme á Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia. Aplicarase unha ampliación en semanas resultante do produto de 4 polo número de semanas de actividade como persoa coidadora non profesional.

Artigo 4. *Forma de acceso*

O sistema selectivo para acceder á condición de persoal estatutario fixo desta categoría será o de concurso público, que estará baseado na valoración do currículo do persoal investigador, incluíndo os méritos achegados relacionados coa actividade investigadora, de desenvolvemento experimental, de liderado técnico da investigación, de transferencia de coñecemento e de innovación, así como a adecuación das competencias e capacidades das candidaturas ás características das liñas de investigación das prazas recollidas na convocatoria.

Artigo 5. Valoración da experiencia profesional

Na fase de concurso dos procesos de acceso, así como nos concursos de traslados, valorarase necesariamente a experiencia profesional como persoal titulado superior investigador no ámbito das ciencias da saúde, en virtude de nomeamento ou de contrato laboral pola conta e baixo a dependencia de institucións sanitarias públicas dun país da Unión Europea/Espazo Económico Europeo/Suíza), das fundacións de investigación biomédica ou de outras entidades instrumentais dependentes da Consellería competente en materia de Sanidade ou do Servizo Galego de Saúde que teñan a condición de axentes do Sistema galego de investigación e innovación, nos termos que determine a correspondente convocatoria.

Artigo 6. Planificación dos recursos humanos

Os procesos de selección para o acceso á categoría de persoal investigador do Servizo Galego de Saúde e os procesos de provisión de prazas desa categoría terán carácter periódico e programaranse en función da planificación eficiente das necesidades de recursos humanos.

A oferta ou ofertas de emprego público negociaranse na mesa sectorial de negociación do persoal das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, e o número de prazas que se convoquen nos respectivos procesos de selección e, de ser o caso, concurso de traslados determinarase tras a negociación na devandita mesa.

Artigo 7. Selección do persoal temporal

Na selección do persoal temporal deberán terse en conta os compromisos de consolidación de prazas de persoal investigador adquiridos nas convocatorias da Acción Estratéxica de Saúde ou outras convocatorias similares publicadas no correspondente boletín ou diario oficial e dirixidas á incorporación ou consolidación da carreira profesional de persoas investigadoras nas que se teña participado a través dos Institutos de Investigación Biomédica.

Artigo 8. *Funcións*

1. O persoal da categoría estatutaria de persoal investigador do Servizo Galego de Saúde realizará todas as funcións e actividades inherentes ou derivadas do traballo creativo realizado de forma sistemática para incrementar o volume de coñecementos, o uso deses coñecementos para crear novas aplicacións, a súa transferencia e a súa divulgación.
2. O persoal da categoría estatutaria de persoal investigador do Servizo Galego de Saúde integrárase nas correspondentes áreas e grupos de investigación dos Institutos de Investigación Sanitaria e, no seu caso, nas unidades ou servizos no ámbito das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, de acordo coa súa especialidade.
3. As funcións desenvolveranse sen menoscabo da competencia, responsabilidade e autonomía do persoal doutras categorías e especialidades que actúen no correspondente centro.
4. Corresponderá ao persoal da categoría de persoal investigador do Servizo Galego de Saúde, con carácter xeral, desenvolver as seguintes funcións:
 - a) Fomentar a investigación científica e técnica no Servizo Galego de Saúde, como factor esencial para mellorar a asistencia sanitaria da cidadanía e a creación dunha contorna que promova o coñecemento e á innovación.
 - b) A realización de actividades de investigación vinculadas ás distintas liñas establecidas, seguindo as pautas metodolóxicas adecuadas en forma de proxectos de I+D+i.
 - c) Participar na actividade docente do centro e na dirección de teses de doutoramento e traballos de fin de grao ou mestrados.
 - d) Participar nos programas de formación continua e de formación sanitaria especializada para contribuír á cualificación e á potenciación das capacidades en investigación do persoal do Servizo Galego de Saúde.

- e) Promover a transferencia de resultados de investigación.
- f) Xestionar con responsabilidade, eficacia e eficiencia os recursos que lle sexan asignados.
- g) Participar no desenvolvemento e mantemento dos sistemas de información do centro sanitario relacionados coa súa actividade.
- h) Participar nas actividades de mellora da calidade e seguridade dos e das pacientes, relacionados coa súa actividade.
- i) Calquera outra función relacionada, por razón do seu contido e finalidade, coas anteriores.

5. Ademais das anteriores funcións, o persoal investigador especialista ao que fai referencia o artigo seguinte poderá levar a cabo actividades asistenciais propias da súa especialidade. Neste caso o persoal dedicará polo menos un cincuenta por cento da xornada laboral ordinaria as funcións de investigación relacionadas no apartado catro do presente artigo, e o resto da xornada poderá empregala en funcións nos ámbitos asistencial, docente, de xestión clínica, de prevención e de información e educación sanitarias, segundo se determine no ámbito competencial correspondente.

6. As funcións de organización e xestión recollidas neste artigo exerceranse de acordo coas liñas organizativas marcadas pola Dirección do centro e dos Institutos de Investigación sanitaria.

Artigo 9. Cadro de persoal e ordenación de postos de traballo

1. Correspóndelle ao Servizo Galego de Saúde, baixo a supervisión e o control da consellería con competencias en materia de sanidade, determinar o número de efectivos de persoal da nova categoría que poidan prestar servizos con carácter estrutural.

2. Esta medida de dotación de postos de carácter estrutural farase efectiva mediante as modificacións que procedan nos cadros de persoal, coas limitacións e de conformidade coas previsións establecidas nas disposicións orzamentarias en vigor.

3. En función da titulación requirida para o ingreso, os postos de traballo do persoal estatutario investigador clasificaranse en:

- a) Postos de persoal investigador, para cuxo desempeño non se require un título de especialista en ciencias da saúde.
- b) Postos de persoal investigador especialista, para cuxo desempeño requírese un título de especialista en ciencias da saúde.

Os referidos postos contarán con códigos orzamentarios específicos.

4. Os postos de persoal investigador dependerán funcionalmente da Xerencia da área Sanitaria correspondente, sen prexuízo de que dita dependencia se poida delegar na dirección científica do respectivo Instituto de Investigación sanitaria e sen que poida supoñer limitación algunha da liberdade de investigación científica. No que se refire ás actividades que non sexan de investigación, ás que se refire o apartado cinco do artigo 8, os postos de persoal investigador especialista dependerán funcionalmente do servizo clínico no que estean integrados.

Artigo 10. *Xornada e retribucións*

1. O réxime de xornada e as retribucións aplicables ao persoal estatutario investigador do Servizo Galego de Saúde serán os que resulten da normativa xeral citada no artigo 2.

2. No caso do persoal investigador que posúa un título de especialista en ciencias da saúde, o réxime de xornada poderá comprender a realización de xornada complementaria como gardas médicas, de acordo coas necesidades asistenciais e coa organización funcional e do traballo existentes nas unidades correspondentes a súa especialidade.

Artigo 11. *Estadías formativas*

1. Segundo establece o artigo 17.5 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, o persoal investigador contratado poderá realizar estadias formativas en centros de recoñecido prestixio sempre que estas sexan autorizadas polas institucións sanitarias e de investigación onde o persoal investigador desenvolva a súa actividade e pola Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS).
2. A concesión da autorización subordinarase ás necesidades do servizo e ao interese que o organismo no que o persoal investigador preste servizos teña na realización dos estudos.
3. A autorización concederase para a ampliación da formación en materias directamente relacionadas coa actividade de investigación científica e técnica, desenvolvemento tecnolóxico, transferencia ou difusión do coñecemento que o persoal investigador viñera realizando na institución de investigación de orixe, ou en aquelas consideradas de interese estratéxico para a mesma.
4. A duración acumulada das autorizacións concedidas a cada persoa investigadora por cada cinco anos, non poderá ser superior a dous anos.

Artigo 12. Réxime de incompatibilidades

Ao persoal investigador do Servizo Galego de Saúde seralle de aplicación o réxime xeral de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, coas particularidades que establece a Lei 14/2011, do 1 de xuño.

Artigo 13. Situacións de excedencia

O persoal investigador fixo do Servizo Galego de Saúde, poderá ser declarado en situación de excedencia nas condicións recollidas no artigo 17 da lei 14/2011, do 1 de xuño e no Decreto 141/2018, do 25 de outubro, polo que se regula a protección, valorización e transferencia dos resultados de investigación, desenvolvemento e innovación no ámbito do Sistema Público de Saúde de Galicia.

Artigo 14. Incorporación a empresas de base tecnolóxica

Sen prexuízo do recollido no artigo 12, o persoal investigador con dedicación a tempo completo que fundamente a súa participación en proxectos de investigación cuxos resultados desen lugar á creación dunha empresa de base tecnolóxica poderá solicitar o réxime de dedicación a tempo parcial para compatibilizar a súa actividade coa actividade laboral nesa empresa. Este persoal investigador poderá volver ao réxime de dedicación a tempo completo sempre que o solicite nun prazo mínimo de dous meses desde a finalización do período polo que se concedeu o réxime de dedicación a tempo parcial.

Disposición adicional primeira. *Nivel dos postos de traballo e retribucións complementarias*

1. Acórdase clasificar no nivel 24 os postos de traballo do persoal estatutario investigador do Servizo Galego de Saúde.

2. As retribucións complementarias dos ditos postos de traballo, en contía mensual e referenciadas á data da entrada en vigor deste decreto, serán as seguintes*:

**Contías propostas en xullo de 2025 (serán actualizadas na tramitación do decreto co que, de ser o caso, estableza a normativa).*

a) Postos de persoal investigador.

Complemento de destino	Complemento específico
700,84	1.826,97

b) Postos de persoal investigador especialista.

Complemento de destino	Complemento específico	Produtividade
700,84	937,70	920,69

3. O persoal estatutario investigador percibirá, como complemento de produtividade no seu

factor variable, a contía que corresponda polo cumprimento de obxectivos prefixados. A contía deste complemento será a prevista con carácter xeral para o persoal estatutario facultativo.

O Servizo Galego de Saúde establecerá as condicións para a aplicación deste complemento con efectos do 1 de xaneiro de 2027, con base no réxime aplicable con carácter xeral para o dito persoal facultativo e previa proposta da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS) respecto á determinación e avaliación de obxectivos.

4. O previsto nesta disposición adicional non será de aplicación ao persoal estatutario temporal que estea incluído nun programa financiado con cargo a fondos ou subvencións procedentes dunha convocatoria pública de carácter competitivo na que se establezan as súas retribucións, as cales rexeranse polas normas específicas do dito programa de axudas durante o tempo de contratación con cargo ao mesmo.

Disposición adicional segunda. *Avaliación da actividade investigadora e carreira profesional*

Mediante orde da consellería competente en materia de sanidade desenvolveranse os criterios e o procedemento para a avaliación da actividade investigadora do persoal estatutario investigador do Servizo Galego de Saúde, a repercusión da dita avaliación na carreira profesional e as peculiaridades desta, dentro das bases xerais de carreira profesional acordadas para o persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.

Os novos graos I a IV de carreira profesional que sexan recoñecidos a este colectivo de persoal estatutario investigador retribuiranse mediante un complemento de carreira coas contías previstas para o persoal estatutario facultativo.

Disposición adicional terceira. *Complemento retributivo vinculado a postos de maior responsabilidade na área de investigación*

O Servizo Galego de Saúde poderá establecer, para os profesionais desta nova categoría, un complemento retributivo vinculado ao ámbito, peculiaridades e desempeño de funcións que sexan necesarias para postos de maior responsabilidade na área de investigación que esixan

unha ampla experiencia como investigador e calidade científica para exercer o liderado, dirección ou coordinación científica ou estratéxica que sexan requiridas polos mesmos, de acordo co que se estableza na súa correspondente convocatoria.

O desempeño destes postos será avaliado polo menos cada catro anos por un comité científico.

Disposición adicional cuarta. Exención da convocatoria de prazas polo sistema de promoción interna

De conformidade co previsto no artigo 25.1 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, tendo en conta as características específicas desta nova categoría, así como a exigencia de levar a cabo unha planificación eficiente das necesidades xeradas a partir da participación en programas de estabilización de persoal investigador, os procesos de selección de persoal estatutario fixo que se convoquen para esta categoría poderán quedar exentos da convocatoria de prazas polo sistema de promoción interna.

Disposición transitoria primeira. Ordenación do actual persoal estatutario investigador fixo do Servizo Galego de Saúde

Os postos denominados “investigador/a-sanitario-subgrupo A1”, adxudicados ao persoal investigador nomeado estatutario fixo pola resolución do 22 de xullo de 2025, da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde (*Diario Oficial de Galicia* número 145, do 31 de xullo), pola que se procede ao nomeamento como persoal estatutario fixo e á adxudicación de destino definitivo aos/ás aspirantes seleccionados/as no proceso selectivo de estabilización polo sistema de concurso de méritos para o ingreso nas categorías de persoal de investigación convocado pola resolución do 27 de decembro de 2022, e que no momento da entrada en vigor deste decreto manteña a dita condición, serán transformados, dentro dos tres meses seguintes á dita entrada en vigor, en postos de persoal investigador dos previstos no artigo 9.3.a) deste decreto.

No caso do persoal que acredite un título de especialista en ciencias da saúde, a

transformación poderá realizarse en postos de persoal investigador especialista dos previstos no artigo 9.3.b) deste decreto, previa a súa solicitude, que deberá presentarse no prazo de un mes desde a entrada en vigor do decreto, e co informe favorable da xerencia da área sanitaria na que teña o seu destino.

Disposición transitoria segunda. *Ordenación do actual persoal estatutario investigador temporal do Servizo Galego de Saúde*

1. O persoal con nomeamento estatutario temporal que estea adscrito a distintas unidades ou dispositivos do Servizo Galego de Saúde no momento de entrada en vigor deste decreto e estea realizando funcións propias da categoría de nova creación, continuará no seu desempeño e procederase non entanto á novación do seu vínculo estatutario, sempre e cando cumpra os requisitos mínimos de titulación previstos no número 1 do artigo 3.
2. Esta novación suporá a modificación da vinculación orixinaria e a expedición dun novo nomeamento estatutario da categoría de persoal investigador do Servizo Galego de Saúde, así mesmo temporal, para axustalo á regulación deste decreto. Esta medida executarase dentro dos tres meses seguintes á súa entrada en vigor.

Disposición transitoria terceira. *Servizos prestados antes da entrada en vigor deste decreto*

Os servizos prestados antes da entrada en vigor deste decreto como persoal investigador nas unidades ou dispositivos do Servizo Galego de Saúde ou nas fundacións de investigación biomédica ou sanitaria que xestionan os centros e institutos de investigación sanitaria do ámbito do Sistema Público de Saúde de Galicia ou en outras entidades instrumentais dependentes da Consellería de Sanidade ou do Servizo Galego de Saúde que teñan a condición de axentes do Sistema galego de investigación e innovación, e debidamente certificados, terán a consideración de prestados na categoría de persoal investigador do Servizo Galego de Saúde para os efectos dos procesos de selección de persoal estatutario, fixo ou temporal, e dos procesos de provisión de prazas desa categoría.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa*

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste decreto.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa*

Facúltase a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento deste decreto, no ámbito da organización e das materias propias do seu departamento.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, xx de xxxxxxxxxxxx de 2025

O presidente da Xunta de Galicia
Alfonso Rueda Valenzuela

O conselleiro de Sanidade
Antonio Gómez Caamaño